III ª MOSTRA INTERNACIONAL
DE CINEMA DOCUMENTAL
MARES
DA FIN DO MUNDO
CONCELLO DE OUTES
CASA DA CULTURA
CENTRO NÁUTICO
DO FREIXO
30-31 OUTUBRO
E 1 NOVEMBRO
2020

‘Mares da Fin do Mundo’ é a única mostra internacional de cinema documental de Galicia centrada no medio ambiente mariño e na pesca sostible.

Trátase dun evento de contrastes, cun forte apego local pero con ampla proxección internacional, enfocado na posta en valor de oficios tradicionais dende unha perspectiva global e moderna.

Unha mostra comprometida co medio marítimo e o sector pesqueiro, que busca crear conciencia sobre a necesidade de coidar un dos nosos recursos naturais máis valiosos: o mar.

AXENDA

VENRES, 30 DE OUTUBRO

Casa da Cultura, Serra de Outes

Selección Internacional

17:30

Acto de Apertura da IIIª Mostra Mares da Fin do Mundo

Inauguración da Exposición de Fotografía **Criaturas**, de *Jorge García-Valenciano*.

18:00

Démailler / 55 min.

Alexis Berg & Michel Le Meur

20:00

Dans les bras d'un matelot / 52 min.

Marie Benoist

SÁBADO, 31 DE OUTUBRO

Naútico do Freixo

10:30

Inauguración da Exposición de Fotografía **O marisqueo en Outes**, de *Sam Ponsford*

11:00

Mesa Redonda: **O cinema e a comunicación como ferramentas para o futuro da sostibilidade do mar.**

12:00

Show cooking con produtos do marisqueo e da pesca sostible.

13:00

Actuación Musical: **Andhrea and The Black Cats.**



Selección Galega

16:30

A guerra do bonito / 30 min.

Confraría de pescadores de Burela

18:00 - Dobre sesión

Dorna / 8 min.

Antón Guerrero

Noetiña / 28 min.

Gabriela Amor e Lara Capeáns

20:00

Lúa Vermella / 84 min.

Lois Patiño

DOMINGO, 1 DE NOVEMBRO

Naútico do Freixo

11:00

Saída no barco Joaquín Vieta pola Ría de Muros e Noia.

12:00

Show cooking con produtos do marisqueo e da pesca sostible.

13:00

Actuación Musical: **Blues do país.**

Selección Internacional

17:30 - Dobre sesión

Tant qu'il y aura la mer / 20 min.

Gaëlle Leufevre

Hálito Azul / 78 min.

Rodrigo Areais

20:00

Proxección da peza elaborada no **Taller de Cinema Mar de Outes**.

Entrega de diplomas aos participantes.

Actuación musical.

FICHAS TÉCNICAS

SELECCIÓN GALEGA

Título: **A Guerra do bonito**
Dirección: *Basilio Otero*, Confraría de Pescadores de Burela
País: Galicia
Ano: 1994
Duración: 30 minutos
V.O.: Galego

Sinopse:

Proxección de imaxes de arquivo gravadas polos mariñeiros galegos durante o conflito coñecido como 'A Guerra do bonito" (1994), no que se enfrontaron as frotas pesqueiras española, francesa e inglesa polo emprego de redes de pesca ilegais.

Basilio Otero, presidente da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores de España (FNCP), explica os factores que provocaron o conflito, as súas consecuencias inmediatas e a situación actual da pesca do bonito en Galicia.

Título: **Noetiña**
Dirección: *Gabriela Amor* e *Lara Capeáns*
País: Galicia
Ano: 2019
Duración: 28 minutos
V.O.: Galego

Sinopse:
Con 25 anos, a vida de Jenifer Suárez Silva é o mar. Antes foi a do seu avó Manuel, a quen todos en Fisterra coñecen por Noeta, e tamén a do seu pai Urbano, co que sae a pescar. Jennifer quere continuar a tradición familiar, pero non será fácil. Está embarazada, e as dúbidas sobre o coidado dos fillos xorden e ameazan o seu soño.

Título: **Dorna**
Dirección: *Antón Guerrero*
País: Galicia
Ano: 2019
Duración: 8 minutos
V.O.: Galego

Sinopse:
Tres xeracións dunha familia ligadas ao mar. Agustín Fernández, percebeiro de profesión, aprendeu do seu pai todo o necesario para adicarse ao mar, cando saía pescar con el nunha pequena dorna. Despois de xubilarse, o seu fillo Rubén é o encargado de continuar co legado familiar.

Título: **Lúa Vermella**
Dirección: *Lois Patiño*
País: Galicia
Ano: 2020
Duración: 84 minutos
V.O.: Galego

Sinopse:

Nun pobo da costa galega, o tempo semella detido. Todas as persoas están paralizadas, mais as súas voces pódense ouvir: falan de pantasmas, de bruxas, de monstros. Ao lugar chegan tres mulleres na procura do Rubio, un mariñeiro do pobo que desapareceu no mar.

FICHAS TÉCNICAS

SELECCIÓN INTERNACIONAL

Título: **Tant qu'il y aura la mer** (Mentres exista o mar)
Dirección: *Gaëlle Leufevre*
País: Francia
Ano: 2019
Duración: 19 minutos
V.O.: Castelán (subtítulos en Galego)

Sinopse:

En Puerto Gala, unha pequena illa ubicada no medio dos canais da Patagonia chilena, a poboación estase mobilizando... Un proxecto para reducir as cotas de pesca ameaza a supervivencia dos habitantes. A súa loita denuncia a corrupción, o dano ecolóxico e a perda da súa cultura.

Título: **Dans les bras d'un matelot** (Nos brazos dun mariñeiro)
Dirección: *Marie Benoist*
País: Francia
Ano: 2019
Duración: 55 minutos
V.O.: Francés (subtítulos en Galego)

Sinopse:

Con que soñan as esposas dos mariñeiros? Marie Benoist, casada cun mariñeiro por pura casualidade, sae en busca destes aventureiros cotiáns.Ao falar sobre o mito e a fantasía que acompañan a esta figura, intenta captar a realidade da vida destas mulleres na actualidade, así como a base do desexo e a vida en parella cando o mar se interpón entre dúas persoas.

Título: **Hálito Azul** (Alento Azul)
Dirección: *Rodrigo Areais*
País: Portugal / Francia / Finlandia
Ano: 2018
Duración: 78 minutos
V.O.: Portugués (subtítulos en Galego)

Sinopse:

Ribeira Quente é unha vila mariñeira na illa de San Miguel (Azores), que se enfronta aos últimos días da súa actividade pesqueira tal e como a coñecen. Todo o mundo loita por seguir cunha vida normal a pesar da escaseza de peixe. Os enfrontamentos entre as comunidades pesqueiras, as estratexias políticas, as relacións internacionais e os intentos por salvar a biodiversidade mariña resultan inevitables.

Título: **Démailler**
Dirección: *Alexis Berg & Michel Le Meur*
País: Francia
Ano: 2019
Duración: 52 minutos
V.O.: Francés (subtítulos en Galego)

Sinopse:
Fillo e neto de mariñeiros,Thomas decide renunciar ás comodidades da súa carreira como avogado para converterse en pescador. Con 35 anos embarca no Sirocco, un barco redeiro amarrado no porto de Audierne, onde traballa con Aurélien e David, que levan sendo mariñeiros dende os dezaseis anos.

ACTIVIDADES PARALELAS

TALLER DE CINEMA MAR DE OUTES

O director e produtor *Domingo D. Docampo* (*SOCIAL-DOCS*), impartirá un taller de cinema documental producido con aparellos móbiles, que se desenvolverá durante a semana do evento (do 27 ao 31 de outubro). O obxectivo é que os participantes adquiran coñecementos e destreza na produción de cinema a través da creación dunha peza documental de curta duración (aprox. 5 minutos) sobre o patrimonio cultural e mariñeiro do Concelo de Outes, concretamente sobre a Carpintaría de Ribeira. A peza poxectarase na última xornada da Mostra.

Mesa Redonda - O cinema e a comunicación como ferramentas para o futuro da sostibilidade do mar.

Moderada por *Javier Galdo* (Sinerxia) e coa participación de *Basilio Otero* (Pdte. da Federación de Confrarías de Pescadores de España e Patrón Maior da Confraría de Burela), *Santiago Cruz* (Patrón Maior da Confraría de Noia), *Xusto López Carril* (director do programa **Mar de Ardora** na Radio Galega).

Actuacións musicais

ANDHREA AND THE BLACK CATS (GZ)

BLUES DO PAÍS (GZ)

Exposicións de Fotografía

Criaturas,

de *Jorge García-Valenciano*

O marisqueo en Outes,

de *Sam Ponsford*

Outras

Show Cookings con produtos típicos a cargo da Confraría de Noia.

Paseo en barco pola Ría de Muros e Noia a bordo do Joaquín Vieta.

www.maresdafindomundo.gal

ORGANIZA:

CONCELLO DE OUTES

en Outes!

PATROCINA:

Deputación DA CORUÑA

COLABORAN:

ABA FILMS

Sinerxia MAR Y PESCA

SOCIALDOCS

ozono

DOARTESANATO

CaixaBank

Barbeseche de Nova

Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A.

fresco y del mar.com

subtextos